



SERVIZO DE PROMOCION ECONOMICA, TURISMO E EMPREGO
SECCIÓN DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO

ANEXO I - MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE DE CONTRATAR

Expediente: PCO.001.2022.00224

Asunto: CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE LIMPEZA VEXETAL, CONTROL ARQUEOLÓXICO E REDACCIÓN DUN PROTOCOLO DE ROZA DAS RUTAS E BENS ARQUEOLÓXICOS RECOLLIDOS NO PLAN DIRECTOR DO PARQUE ARQUEOLÓXICO COMPOSTELA RUPESTRE.

1. En data 18 de setembro de 2018, asínase o convenio para a cooperación entre a Deputación da Coruña e os concellos de Ames, Brión, Santiago de Compostela, Teo e Val do Dubra co fin de desenvolver o proxecto "Parque Compostela Rupestre". As institucións implicadas comprométense a xestionar, de maneira conxunta, a promoción e posta en valor da arte rupestre dos seus termos municipais. Nas bases do acordo, no apartado que establece o procedemento para a xestión conxunta do proxecto figura, entre outras cuestións, a redacción dun Plan director que concrete as actuacións a realizar. O Plan director de "Compostela Rupestre" debe ser, en primeira instancia, o documento de estudo das diversas compoñentes interdisciplinares que constitúen o territorio obxecto de estudo: arqueoloxía, historia, xeografía, cultura, paisaxe, medio ambiente ou urbanismo, entre outras disciplinas.

2. O 15 de febreiro de 2019 creouse o consello asesor do proxecto, integrado por representantes técnicos dos seguintes organismos: Dirección Xeral de Patrimonio, Deputación da Coruña (arquitecto), Universidade de Santiago de Compostela (USC), Instituto de Ciencias do Patrimonio (INCIPIIT), Colectivo "A Rula" e tres arqueólogos municipais. Este consello asesor realizou as achegas necesarias para a elaboración das directrices para a redacción do Plan Director, achegando así todos os coñecementos necesarios para abordar os obxectivos do mesmo.

A información derivada desta investigación permite determinar non só as características e peculiaridades do medio físico e do poboamento ao longo da prehistoria e historia senón que, ademais, identifica tanto as limitacións como as oportunidades para protexer e difundir o patrimonio rupestre da comarca de Compostela. A secuencia final dos estudos que definirán os obxectivos, directrices, estratexias e liñas de acción viables para xestionar e impulsar -a curto, medio e longo prazo- o parque arqueolóxico de Compostela Rupestre.

A redacción do Plan Director respondeu aos obxectivos de:

- Investigar e estudar o patrimonio rupestre dos municipios que integran o proxecto.
- Protexer, manter e conservar dito patrimonio e o seu ámbito físico.
- Divulgar e comunicar o proxecto Parque Compostela Rupestre.
- Xestionar o proxecto Parque Compostela Rupestre, de xeito que concrete as actuacións futuras.

3. En data 30 de marzo de 2021 adxudícase o contrato de "redacción do plan director do Parque Arqueolóxico Compostela Rupestre".

4. En data 2 de febreiro de 2022, unha vez executado o contrato e redactado o Plan Director, o Consello de dirección da comunidade intermunicipal do proxecto "Parque Compostela Rupestre" reunido no concello de Teo adopta, entre outros, o seguinte acordo: "1. Iniciar o proceso de contratación dos servizos de roza e limpeza de todas as rutas indicadas no Plan Director do Proxecto Compostela Rupestre, definir con exactitude todas as superficies a rozar e axustar as cantidades orzamentadas no Plan Director en función das superficies definidas".

5. Toda a documentación do Plan Director está dispoñible para consulta na seguinte ligazón:
<https://www.dropbox.com/sh/6nfwwe47km3lbpj/AADZJC5bPBNR5cl6hzlu4pBDa?dl=0>